

CIRCULAR Nº 03

Temporada 17-18

Destino: Delegacións, Clubs.

Asunto: Inscripción dos equipos participantes en competicións de 1ª División Junior, Cadete e Infantil.

Ponse en coñecemento das Delegacións zonais e de todos os clubs que o prazo de inscrición dos equipos que teñen praza nas competicións Junior, Cadete e Infantil de 1ª División remata os seguintes días

JUNIOR	31.07.17	13.00 hrs.
CADETE	31.07.17	13.00 hrs.
INFANTIL	31.07.17	13.00 hrs.

Todos os equipos que desexen formalizar a súa inscrición nesta temporada nas categorías que se indican máis abaixo, deberán inscribirse vía WEB, (www.fegaba.com) e logo remitir ás Delegacións a seguinte documentación ORIXINAL:

- **FOLLA DE INSCRIPCIÓN**

- **DEPOSITO INICIAL OU AVAL BANCARIO**, xustificante do ingreso bancario a nome da FGB por importe da cantidade que en cada caso corresponda, ou aval bancario segundo modelo axunto.

- **COTA DE AFILIACIÓN**, xustificante do ingreso da transferencia bancaria a nome da FGB, polo importe da cantidade que en cada caso corresponda.

- Ingresos Nº Conta ES96-2100-1455-14-0200227406 de La Caixa.

As cantidades en concepto de **COTA DE AFILIACIÓN E DEPÓSITOS INICIAIS OU AVAIS BANCARIOS** que deberán presentarse segundo a categoría son as seguintes:

	<u>C. Afiliación</u>	<u>Depósito/Aval</u>	<u>Data</u>
Liga de 1ª Div. Júnior	150,00 €	300,00 €	31.07.17
Liga de 1ª Div. Cadete. 31.07.17	150,00 €	300,00 €	
Liga de 1ª Div. Infantil 31.07.17	120,00 €	300,00 €	

A Federación Galega de Baloncesto solicita das Delegacións Zonais que se lle dea a maior difusión posible ao contido da presente circular, e non soamente entre aqueles equipos que en primeira instancia, teñen dereito á inscrición nas competicións de ámbito autonómico, senón tamén entre aqueles que puideran estar interesados en optar por algunha das prazas que se lle puideran dar.

Por outra banda, tamén pedimos a todos os clubs interesados que, unha vez feita a súa inscrición vía WEB, preparen toda a documentación necesaria orixinal e a remitan a través das respectivas Delegacións dentro dos prazos establecidos e seguindo o que se indica na presente circular co fin de evitar prexuízos irreparables que seríamos os primeiros en lamentar e dos que a Federación Galega de Baloncesto non se fará responsable.

Santiago, 3 xullo 2017



Asdo. Susana Fernández Fiuza
Secretaria Xeral